Cairón

BOLETÍN DO INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS

Nº 8. MARZO DE 2025

O CONFLITO DE ALTRI

— A liberdade da auga
Por Joaquín Araújo

— O impacto na sáude dos veciños e traballadores do proxecto GAMA
Por Sonia Villapol Salgado

— O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri
Por Rubén Camilo Lois González

— Outono roubado. Ensaio sobre ambiente, territorio e paisaxe a través do caso Altri
Por Horacio García

— A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa
Por Francisco Pardo Teijeiro

— Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur
Por Ana Escariz Pérez

HISTORIA

— Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa
Por Fernando Salgado

— Segundo fragmento de «Amoexa. Memoria dos cincuenta». *Por Pepe do Xastre*

PATRIMONIO

— Arredor da toponimia maior do concello de Antas de Ulla
Por Andrea Santiso Arias

— Historias de cultura en Antas de Ulla
Por Patricia Coucheiro

CREACIÓN

— Tres poemas
Por Adela Figueroa Panisse

— A Ulloa berra non
Por Paco Ledo

— Terra!
Por Toño Núñez

— Un conto inventado ou non
Por Pablo Coucheiro Rodríguez

OS MUNICIPIOS DE MONTERROSO, PALAS DE REI E ANTAS, COAS MESMAS PARROQUIAS QUE MANTEÑEN NA ACTUALIDADE, NACERON EN 1840. FORMÁRONSE COMO RESULTADO DA REFORMA DE CATRO CONCELLOS INSTALADOS CINCO ANOS ANTES: MONTERROSO, ULLOA, AMARANTE E PEIBÁS.

XÉNESE E CONSOLIDACIÓN DOS CONCELLOS CONSTITUCIONAIS DA ULLOA

/ FERNANDO SALGADO

Logo de senllos intentos abortados nos dous períodos en que rexeu a Constitución de Cádiz, en 1835 nacen e botan a andar os concellos constitucionais de Monterroso, Ulloa, Amarante e Peibás. Son catro dos dez municipios que integran o partido xudicial de Taboada e dos 87 nos que se divide a daquela recén creada provincia de Lugo. A feitura e composición deses catro concellos aseméllase moito á que tiñan as xurisdicións señoriais do mesmo nome case que un século atrás.

Cinco anos despois, en 1840, o mapa municipal da provincia lucense experimenta unha transformación radical. Suprímense trinta dos concellos instalados había un lustro

e modifícase a base territorial de todos eles. O cuarteto de concellos ulloáns, logo da fusión de Peibás e Amarante e a trasfega de freguesías entre uns e outros e cos municipios veciños, convértese nun trío: Monterroso, Palas de Rei e Antas (o apelido «de Ulla» incorpórase máis tarde). Os tres teñen xa, cando remata a rexencia do xeneral Espartero, idéntica fisionomía e as mesmas parroquias coas que contan na actualidade. Formaban parte, tamén igual ca hoxe, do partido xudicial de Chantada.

1. O BERCE CONSTITUCIONAL

O artigo 310 da Constitución de Cádiz era taxativo: «Se pondrá Ayuntamiento en los pueblos que no le tengan y en que convenga le haya, no pudiendo dejar de haberle en los que por sí o con su comarca lleguen a mil almas, y también se les señalará término correspondiente». Non menos terminante era o artigo 325: «En cada provincia habrá una diputación llamada provincial, para promover su prosperidad, presidida por el jefe superior».

Do dito ao feito hai un gran treito. A primeira deputación única da provincia-reino de Galicia ponse en marcha axiña, en 1813, un ano despois de aprobada a Constitución. Porén, a formación dos concellos constitucionais e a súa xeralización habíase demorar como mínimo ata a morte do rei Fernando VII. Os tres da Ulloa tiveron que agardar, para asentarse, ata a chamada «revolución de 1840» que deu paso á rexencia do xeneral Espartero.

Houbo antes, no primeiro terzo do século XIX e coincidindo cos períodos fugaces nos que rexeu a Pepa –así chamada porque foi aprobada o día de San Xosé de 1812–, senllos intentos de transformar as antigas xurisdicións de Monterroso e da Ulloa en cadanseu concello constitucional. O primeiro en 1913, en plena guerra da independencia contra Napoleón. O segundo, durante o trienio liberal de 1820-1823. As dúas tentativas fracasaron axiña. A candea municipalista que prendían os liberais apagábana decontado os absolutistas en canto recobraban o poder.

A historia do municipalismo arrinca, pois, coa Constitución de Cádiz. Incubada entre o fragor da guerra contra Napoleón, o seu parto non foi inducido por unha

revolución burguesa, como a francesa, na que se inspirou en moitos dos seus preceptos, nin se produciu a remolque dos acontecementos, senón que se adiantou a eles. É unha constitución liberal e avanzada para unha sociedade que arestora segue chantada no Antigo Réxime. O que lle confire á súa xestación certa condición de milagre: na forxa de Cádiz impóñense as teses liberais e fráguase un instrumento destinado a desmontar a estrutura económica e política da sociedade estamental na que abrolla o texto. O que tamén explica a súa mala saúde de ferro e as vicisitudes que ía atravesar: ata tres veces instaurada e reinstaurada, outras tantas anulada e sempre facho que alumea o liberalismo decimonónico.

A Constitución elimina os señoríos, como os que mantén o conde de Monterrei nas xurisdicións de Monterroso e da Ulloa, o conde de Amarante na de Amarante ou a condesa de Lemos na de Peibás, e proponse erguer no solar expedito o edificio dos concellos constitucionais. O municipalismo francés serve tamén de modelo.

Os deputados constituíntes só necesitaron tres sesións para aprobar, sen apenas debate, os 14 artigos que integraban o capítulo «De los Ayuntamientos». Nese capítulo, ademais de crear os concellos constitucionais, fíxanse as súas funcións, a composición das corporacións municipais e o sistema de elección de alcaldes e concelleiros. Paga a pena detérmonos unha miga nesa regulación que, malia os cambios introducidos por sucesivos textos constitucionais e unha pléiade de leis electorais que viñeron despois, serve de orientación básica para comprender o funcionamento dos concellos.

A Constitución atribúe nove funcións aos concellos. Terán ao seu cargo a «policía de salubridad y comodidad» e o coidado, se os houbera, de hospitais, hospicios e casas de expósitos. Auxiliarán ao alcalde no que faga referencia á seguridade dos veciños, a protección dos seus bens e a conservación da orde pública. Farán o repartimento, recadarán as contribucións e arbitrios e administrarán os fondos ao través dun depositario. En materia de educación, coidarán das escolas de primeiras letras e, na esfera da obra pública, da construción e reparación de camiños, calzadas, pontes e cárceres. Finalmente, promoverán a agricultura, a industria e o comercio.

Dependendo da súa poboación, os concellos terán un ou dous alcaldes, varios rexedores e un procurador síndico, asistidos polo secretario municipal. Os alcaldes mudaban cada ano e os rexedores cada dous, renovándose anualmente por metades. Establecíase un sistema de elección indirecta: os veciños elixían en decembro un número determinado de electores que, á súa vez, nomeaban por maioría absoluta de votos o alcalde, rexedores e procurador síndico, para que comezasen a exercer o primeiro de xaneiro. Para optar a eses cargos, a lei suprema só impoñía tres requisitos: ser cidadán no exercicio dos seus dereitos, ter máis de vintecinco anos de idade e levar cinco como mínimo de residencia no concello.

2. A ULLOA E MONTERROSO: FUGAZ APARICIÓN

A Constitución propón e o marqués de Campo Sagrado dispón. O marqués, xeneral Francisco Bernaldo de Quirós, xefe superior interino de Galicia, infrinxiu por dúas veces a Constitución e retardou, en consecuencia, a formación dos concellos constitucionais na «provincia» galega.
En setembro de 1812 ditou unha orde para controlar o nomeamento dos cargos electos: antes de que tomasen posesión, tiña el que aprobar a elección feita polos veciños. En outubro do mesmo ano, prohibiu a instalación de concellos alí onde non os había, aínda que contasen con máis de mil almas, entrementres non se constituíra a deputación única de Galicia[1]. Dúas medidas, censuradas pola rexencia do reino, que tiveron por efecto postergar a formación de concellos en Galicia, especialmente en lugares onde nunca os houbera.

Como queira que sexa, o retardo na instalación dos concellos galegos non se debeu só á actuación do marqués de Campo Sagrado. Houbo atrancos obxectivos e non pouca resistencia para poñelos en marcha. Oposición incluso a xurar a Constitución de Cádiz, como sucedeu no partido da Ulloa, onde o trámite tivo que ser aprazado «por haber

---

[1] Gómez Rivero, Ricardo (2015): *Las elecciones municipales en el Trienio Liberal*. Madrid: Boletín Oficial del Estado, 31-33.

impedido D. Pedro Benito Varela [sogro do corrixidor da Ulloa, Josef Varela Somoza] que se llevasen a cabo las convocatorias en dicha jurisdicción».

Superadas as resistencias e satisfeito o xuramento, hai que cumprir o mandato constitucional: poñer concello nos «pueblos» que non o teñan e obrigatoriamente naqueles que «por sí o con su comarca» cheguen a mil almas. E aquí xurde un problema de interpretación que vai seguir coleando durante décadas: que se entende por pueblo nun país de poboacion enormemente diseminada? En Galicia non existen pueblos nin pobos, senón infinidade de lugares, casares e aldeas, máis de 3.700 parroquias de orixe eclesiástica, un fato de vilas e as sete cidades que encabezan as sete provincias tradicionais do reino.

Nas xurisdicións de Monterroso e da Ulloa non hai vilas nin cidades, nin sequera parroquias que alcancen os mil habitantes. Óptase, xa que logo, por asumir as derregas do Antigo Réxime e establecer os concellos «bajo las antiguas divisiones». É dicir, acéptanse como lindes dos novos concellos as erráticas fronteiras das vellas xurisdicións e cotos señoriais, de moi diferente feitura, tamaño desigual e territorialmente discontinuos. Baixo esas premisas, en novembro de 1812, o xefe político de Galicia ordena que se establezan concellos nas cabezas de xurisdición, medida que –esta vez si– é ratificada pola Rexencia e tamén polas Cortes.

É aí, nesa etapa, cando aparecen mencionados Monterroso e Ulloa no libro de resolucións da deputación única e da súa comisión permanente. Figuran entre os máis de setenta concellos galegos que, por manteren algún tipo de relación coa deputación, suponse que debían estar creados[2]. Porén, o primeiro deles é citado coa denominación de «jurisdicción de Monterroso» e non coa de «ayuntamiento». O que esperta a dúbida de se realmente chegou a instalarse

[2] De Cal y Cortina, Rosa María Gabriela (1997): *Nacimiento y consolidación del municipio constitucional en Galicia*. A Coruña: Deputación Provincial da Coruña. A autora extrae, das actas correspondentes ao período comprendido entre o 9 de xullo de 1813 e o 7 de xaneiro de 1814, unha relación de máis de 70 concellos galegos que «sí debieron instalarse, puesto que la Diputación los reconoce como tales».

formalmente. Se o fixo, debeu ser unicamente sobre o papel: a antiga xurisdición señorial con etiqueta constitucional.

Esa primeira aparición formal dos concellos da Ulloa e Monterroso foi, en todo caso, efémera. Apenas transcorridos uns meses, o rei Fernando VII regresou da súa confortable catividade francesa, declarou nula a Constitución e decretos de Cádiz –«como si no hubiesen pasado jamás tales actos y se quitasen de en medio del tiempo»– e restableceu o absolutismo. A gadaña real segou os primeiros concellos constitucionais e abortou os que estaban a piques de nacer. Unha real cédula do 30 de xullo de 1814 ordenou que «se disuelvan y extingan los ayuntamientos y alcaldes constitucionales: que se restablezcan los ayuntamientos, corregimientos y alcaldías mayores en la planta que tenían en 1808».

Efectivamente, nos seis anos seguintes dedicouse o monarca a perseguir e a «extinguir» liberais.

3. TRIENIO LIBERAL: SEGUNDO ABORTO

O 1 de xaneiro de 1820, o tenente coronel Rafael del Riego, á fronte dun batallón que se dispoñía a embarcar cara ás colonias americanas, pronúnciase en Las Cabezas de San Juan: esixe que o rei Fernando VII xure a Constitución elaborada en Cádiz «entre sangre y sufrimiento». O 21 de febreiro, coa insurrección a piques de ser sufocada, militares e paisanos érguense na Coruña en apoio de Riego e o levantamento, seguido sucesivamente por outras cidades galegas e españolas, anuncia o trunfo da revolución liberal. O 10 de marzo, o rei felón asume a súa derrota con outra das súas frases lapidarias: «Marchemos francamente, y yo el primero, por la senda constitucional».

Os concellos constitucionais atopan unha segunda oportunidade. A Xunta Superior de Galicia, presidida polo mariño Pedro Agar, ditou decontado unhas *Instrucciones sobre la formación de los ayuntamientos constitucionales para el presente año de 1820*. Meses despois restablecíase a Diputación Provincial de Galicia –a segunda deputación única– e procedíase á división territorial de Galicia en partidos xudiciais e concellos, tomando as freguesías como pezas básicas e indivisibles do mosaico.

O mapa xa está bosquexado en outubro de 1821. Galicia dividíase en 47 partidos xudiciais, que engloban 630 concellos e unhas 3.281 parroquias en total[3]. Aparecen na relación, por primeira vez, os catro concellos que se van a repartir as terras ulloás, pero enclavados en dous partidos xudiciais. O concello da Ulloa figura entre os 17 incluídos no partido xudicial de Melide: Melide, San Antolín de Toques, Boente, Arzúa, Ulloa, Curtis, Fisteus, Vilar de Donas, Augas Santas, Terra da Orde, Sobrado, Vilar de Ferreiros, Laxe, Pantiñobre, Abeancos, Ventosa e Borraxeiros e Basadre. E os concellos de Monterroso, Peibás e Amarante son –xunto cos de Chantada, Chouzán, Asma, Vilar, Taboada, Camba, Guillar e Carboentes– tres dos 11 que integran o partido xudicial de Chantada.

Aínda que non podamos precisar con exactitude cantas nin que freguesías se lles atribuía a cada un deses concellos, moitos dos seus nomes remítennos de novo ás demarcacións señoriais coa mesma denominación. Dedúcese que, á hora de deseñar a nova división municipal, os liberais tomaron como base as xurisdicións de certa dimensión, ás que presumiblemente lles engadiron ou restaron algunhas parroquias da contorna.

Da vida e avatares dos concellos creados nesa etapa non temos moitas noticias. As fontes documentais do Trienio Liberal están secas, como puxeron de manifesto investigadores como Fariña Jamardo ou Gabriela de Cal y Cortina. Da segunda deputación única de Galicia só se conserva un libro de actas. En todo caso, aínda que non tan efémera como na primeira tentativa, a existencia deses concellos sería tamén breve. O camiño non chegou a durar tres anos no mellor dos casos. Rematou en 1823 coa invasión francesa dos Cen mil fillos de San Luis, que viñan a restablecer o poder absoluto de Fernando VII.

A conclusión é que o municipalismo non avanzou, nin moito nin pouco, durante o primeiro terzo do século XIX.

---

[3] Fariña Jamardo, José (1994): «Os concellos galegos do 1820-1823». *FEGAMP. Revista da Federación Galega de Municipios e Provincias*, 4: 16-22, citado en De Cal y Cortina (1997).

O que a Penélope liberal tecía polo día, a Penélope realista destecíao pola noite. Desta última volta, ademais, a noite íase alongar durante toda a década cualificada de ominosa.

4. O PARTO MUNICIPAL DE 1835

4.1. A división territorial

Fernando VII morre o 29 de setembro de 1833. Unha data fácil de recordar para os monterrosinos: é o día do patrón San Miguel. A morte do monarca pecha o primeiro terzo do século XIX, pon fin á década ominosa, dá paso á rexencia da súa viúva María Cristina –a súa filla Isabel só é unha nena de curta idade– e a primeira insurrección carlista, e abre a transición, desta volta irreversible, cara á implantación e consolidación do Estado liberal. É tamén durante rexencia de María Cristina cando se emprende a división territorial de España que vai perdurar, con algunhas modificacións, ata o día de hoxe e cando se xeneraliza a formación de concellos constitucionais. Unha reforma de gran envergadura que consta de tres fitos proxectados noutras tantas normas legais ditadas en tres anos consecutivos:

O real decreto de 30 de novembro de 1833[4], aprobado só dous meses despois da morte de Fernando VII, divide España en 49 provincias, agrupadas en 15 rexións. O mapa leva o selo de Javier de Burgos, secretario de Estado de Fomento, pero é semellante ao proxectado no Trienio Liberal. Galicia, que no Antigo Réxime se articulaba en sete provincias de moi escasas atribucións e finalidade case exclusivamente fiscal[5], pasa agora a ter as catro que conserva na actualidade: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Á fronte de cada provincia, como «encargado de estudiar las necesidades locales y de socorrerlas al mismo tiempo», situábase un subdelegado de Fomento: en realidade, un nome distinto e de curta vixencia para designar un cargo que a Constitución de Cádiz chamaba xefe político da provincia e que acabaría trocando a denominación pola de gobernador civil.

---

[4] *Gaceta de Madrid,* 3 de decembro de 1833.
[5] Santiago, A Coruña, Betanzos, Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui.

O real decreto de 21 de abril de 1834 divide cada provincia en partidos xudiciais[6], unidades territoriais para a administración de xustiza, pero que tamén serán utilizadas como circunscricións para a elección de deputados a Cortes. O decreto é moi breve –media ducia de artigos–, pero os seus anexos son moi extensos porque enumeran os partidos xudiciais de cada provincia e as parroquias comprendidas en cada un deles. A provincia de Lugo, á que se lle atribúen 72.396 veciños e 357.272 almas distribuídos en 1.258 parroquias, divídese en 11 partidos xudiciais[7]. Un deles, o que nos interesa, porque nel figuran a maior parte das freguesías da bisbarra ulloá, é o denominado «Taboada en Carballo»: un partido xudicial con 209 parroquias habitadas por 7.725 veciños e 38.754 almas.

O real decreto de 23 de xullo de 1835, «para el arreglo provisional de los Ayuntamientos de la Península e Islas adyacentes»[8], dá corda novamente ao reloxo municipal, parado desde finais do trienio liberal. En vésperas da publicación do decreto apenas existía media ducia de concellos na provincia de Lugo. Catro son os únicos que menciona José María Moscoso de Altamira, subdelegado provincial de Fomento, ao dirixirse a xuíces e xustizas para que distribúan polas parroquias próximas o boletín oficial que empeza a publicarse nesas datas: Lugo, Mondoñedo, Ribadeo e Viveiro[9]. E un par deles máis, Chantada e quizais Foz, que lle esqueceron ao subdelegado[10].

Co decreto do «arreglo provisional» veñen as présas. Un mes despois da súa publicación, o gobernador civil Laureano Gutiérrez dita instrucións para que se proceda decontado á elección de alcaldes, rexedores e procuradores de común, sen que aclare previamente cantos concellos están xa formalmente constituídos. Tres meses despois, o seu sucesor, marqués de Astáriz, publica oficialmente unha

---

[6] *Gaceta de Madrid,* 23 de abril de 1834.
[7] Lugo, A Fonsagrada, Mondoñedo, Monforte, As Nogais, Quiroga, Ribadeo, Sarria, Vilalba, Viveiro e «Taboada en Carballo».
[8] *Gaceta de Madrid,* 24 de xullo de 1835.
[9] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo (BOPL)*, número 1, do 4 de abril de 1834.
[10] De Cal y Cortina (1997).

«lista alfabética de los ayuntamientos establecidos en la provincia de Lugo, con arreglo al soberano decreto de 23 de julio de 1835»[11]. Sen encomendárense a deus nin ao demo, sen consultar cos afectados nin agardar polo informe preceptivo da deputación, os gobernadores botan a andar os concellos da provincia que, como advirte José Fariña Jamardo, foron instalados con escaso rigor e non pouca improvisación:

> A présa dos gobernadores civís de Lugo, tanto de Laureano Gutiérrez como do marqués de Astáriz, levounos a tirar para diante sen formar xuntas ou comisións de partidos, que lles fixesen propostas sobre o arranxo provisorio dos concellos, como as que se formaron noutras provincias, prescindindo do informe regulamentario da deputación provincial[12].

Esa primeira división municipal comprende 87 concellos, repartidos entre os 11 partidos xudiciais da provincia. O partido que momentaneamente ten a Taboada por cabeceira abrangue dez municipios: A Ulloa, Monterroso, Amarante, Peibás, Chantada, Asma, San Pedro de Portomarín, San Xoán de Portomarín, Taboada e Vilar. Os seus nomes delatan ás claras a xenética deses dez concellos: a súa feitura recorda as xurisdicións señoriais que, coa mesma denominación, existían a mediados do século XVIII. O novo mapa, afirma Fariña Jamardo, «reproduce case enteiramente as xurisdicións do antigo réxime»[13].

4.2. Parroquias estables, non inmutables

Antes de contemplar as semellanzas e diferenzas entre as xurisdicións tradicionais e os concellos constitucionais nos que se traspuxeron, convén repararmos na unidade de medida que nos permite comparar a súa base territorial: a parroquia. De orixe eclesiástica, forneada nas fonduras da alta idade media, a parroquia ou freguesía é a unidade territorial básica, non só a máis antiga senón tamén, e sobre todo, a máis estable. A que experimentou menos cambios ao longo dos séculos e, xa que logo, a máis axeitada para ser

---

[11] *BOPL,* 22 de novembro de 1835.
[12] Fariña Jamardo, Xosé (1990): *Os concellos galegos*. A Coruña: Ed. Pedro Barrié de la Maza.
[13] Fariña Jamardo (1990).

utilizada como célula de todas as divisións administrativas do territorio.

Porén, malia a súa grande estabilidade e permanencia, as parroquias son seres vivos que de vez en cando espertan do seu letargo. Hainas que nacen por segregación e hainas que morren ao seren engulidas por outras: por iso non é constante o número de freguesías que cobren o espazo físico de Galicia. Houbo parroquias que no decurso dos séculos adelgazaron ou engordaron, que perderon ou gañaron terras, lugares ou aldeas a expensas das freguesías veciñas. E houbo moitas que simplemente foron rebautizadas –mudaron de topónimo ou de santo de advocación–, pero manteñen a súa feitura orixinal. Estas últimas, que non plantean ningún problema de encaixe, limítome a identificalas coa súa denominación actual.

A dificultade xurde ao intentar debuxar os mapas dos primeiros concellos constitucionais tomando como base as lindes das parroquias actuais, coa forma e superficie con que aparecen na recente cartografía oficial. Un mosaico antigo reconstruído con pezas modernas sempre terá, dependendo do número de parroquias que experimentaron modificacións no transcurso do tempo, problemas de encaixe e un certo grao de imperfección. Poñamos tres exemplos, un por cadanseu dos concellos que conforman a comarca da Ulloa, para ilustrar esas chatas insalvables.

A parroquia de Santa María de Cuíña, hoxe no municipio de Palas de Rei, pertencía en 1753 á xurisdición da Ulloa, baixo o señorío do conde de Monterrei. Pero daquela a freguesía era máis cativa que a de hoxe: cando se integrou no concello constitucional da Ulloa, medrou coa anexión do coto redondo de Ermora –ou Hermora–, co que lindaba polo norte e do que era titular don Manuel Arias Conde Aguiar e Seixas. Na actualidade, Ermora non é máis ca unha aldea da parroquia de Cuíña.

Outro caso é o de Vilamaior de Frades. En 1753 só era un lugar, cuxa superficie e delimitación concreta descoñecemos, situado entre as parroquias de Lavandelo (xurisdición da Ulloa) e Novelúa (xurisdición de Monterroso). En 1853 pasou a formar parte do concello da Ulloa e desde 1840 ata hoxe só é a aldea máis poboada da freguesía monterrosina de Novelúa. Xa que logo, a superficie da parroquia de Novelúa

mudou: a súa silueta en 1853 tiña que ser necesariamente distinta da que hoxe coñecemos.

O terceiro exemplo remítenos a San Xoán das Antas, hoxe capital do concello de Antas de Ulla. Freguesía da xurisdición da Ulloa, cuxo señorío compartían os condes de Monterrei e de Amarante, en 1853 pasou a formar do concello da Ulloa e en 1840 integrouse no novo concello de Antas. Pero a parroquia minguou durante a travesía, xa que perdeu os lugares de Vilane e Vilasión, que pasaron a engrosar a freguesía de San Fiz de Amarante. Consecuencia: a parroquia de San Xoán era máis grande e a de San Fiz máis pequena que as debuxadas nos mapas actuais.

A dificultade para debuxar os mapas de 1835 agrándase cando intentamos cartografar as xurisdicións e cotos, porque esas unidades administrativas do Antigo Réxime nin sequera respectan as lindes das parroquias. Existe unha múltiple casuística, derivada da arbitraria configuración do réxime señorial, que desfigura o mapa: parroquias compartidas por varios señores e señoríos con máis de un titular, lugares da mesma parroquia que pertencen a distintas xurisdicións, veciños da mesma aldea que teñen distintos señores, señores que se reparten os dereitos sobre o mesmo territorio...

Compría, xa que logo, desbravar esa selva e deslindar a base territorial das estruturas administrativas do réxime señorial. Debuxar o galimatías. A boa noticia é que ese traballo xa está feito. Rubén Castro Redondo, logo dunha ardua e minuciosa exploración do Catastro de Ensenada, cartografou as sete provincias tradicionais, 650 xurisdicións e 3.650 parroquias do reino de Galicia en 1753[14].

4.3. Dez concellos do partido de Taboada-Chantada

Aproveitando esa radiografía xurisdicional de base parroquial, e advertidas as inevitables fallas dos mapas antigos, xa estamos en condicións de observar a metamorfose experimentada polos antigos señoríos ata convertérense nos

---

[14] Castro Redondo, Rubén (2019): *Cartografía digital de Galicia en 1753*. Santiago de Compostela: Andavira Editora.

dez concellos constitucionais que, agrupados no partido xudicial de Taboada, nacen en 1835.

A xurisdición de Chantada, na que exercía o señorío a marquesa de Astorga, tiña 30 parroquias a mediados do século XVIII e o concello de Chantada contaba con 44 parroquias en 1835. Cinco freguesías da demarcación señorial de 1753 non figuran no novo municipio: arestora forman parte dos concellos constitucionais de Asma e do Saviñao. Non obstante, o concello chantadino medrou coa incorporación de 19 parroquias procedentes dunha decena de antigas xurisdicións e coutos redondos: Oseira, Chouzán, A Peroxa, Muradelle, Asma, Vilaquinte, Oleiros de Chantada, Brigos, Merlán e Cartelos.

A metamorfose experimentada neste caso parece desbotar a tese da clonación exposta por Fariña Jamardo: a fisionomía do concello chantadino non gardaba semellanza significativa coa xurisdición. E ademais ía experimentar axiña outra transformación non menos drástica: a cesión de 21 parroquias para a constitución do concello de Carballedo e a absorción das oito que conformaban o concello de Asma e de outras seis de municipios veciños, co que pasaría das 44 freguesías que tiña en 1835 ás 37 da actualidade.

A diferencia de Chantada, os pequenos concellos constitucionais de Asma, Vilar e San Pedro de Portomarín non eran cuspidiños ás xurisdicións do mesmo nome, pero si gardaban notable parecido con aquelas.

Seis freguesías comprendía a xurisdición de Asma, da que era titular o mosteiro de San Salvador de Asma, e con oito freguesías contaba o municipio de Asma durante o seu único lustro de vida: creado en 1835, sería absorbido por Chantada en 1840.

Sete freguesías tiña a xurisdición de Vilar, señorío do conde de la Vega, e oito o concello constitucional do mesmo nome. Ao igual que o de Asma, o concello de Vilar foi suprimido na reforma de 1840 e as súas parroquias repartíronse entre os municipios de Taboada, seis delas, e Chantada, as dúas restantes.

O concello constitucional de San Pedro de Portomarín estaba integrado en 1835 por oito parroquias: as sete da xurisdición do mesmo nome e máis a de San Facundo de Ribas de Miño, que en 1753 pertencía á xurisdición de

Paradela. Todas, agás a de San Pedro –hoxe, un lugar de San Nicolao de Portomarín–, acabaron formando parte do concello de Paradela.

O concello de San Xoán de Portomarín si semella un irmán xemelgo da xurisdición do mesmo nome, que xiraba na órbita da Encomenda. Constituíuse en 1835 con 26 parroquias: todas as que integraban a xurisdición do mesmo nome, menos San Pedro de Santa Comba, máis dúas, Bagude e San Salvador de Sabadelle, incorporadas ex novo. E desapareceu cinco anos despois: só oito das súas parroquias se integraron ao actual concello de Portomarín; as de Meixonfrío e Ferreiros pasaron a Taboada e Paradela respectivamente, e coas 16 restantes e un par de engadidos creouse o municipio do Páramo.

Catorce parroquias tiña a xurisdición de Taboada e 14 parroquias tiña o primeiro concello constitucional de Taboada. Unha copia perfecta a non ser por un único cambio: a freguesía de Sobreda, na que en 1753 compartían señorío o conde de Maceda e o fidalgo Miguel Ángel Somoza, foi incorporada en 1835 ao novo concello de Castro de Rei de Lemos; pola contra, o Concello de Taboada desquitouse coa anexión do antigo couto redondo de Santa María de Moreda. Parroquia por parroquia: o comido polo servido. A gran transformación do municipio ía producirse posteriormente, cando Taboada perdeu a condición de cabeceira de partido, pero ampliou o termo municipal con 13 parroquias máis.

5. XURISDICIÓNS E CONCELLOS ULLOÁNS

5.1. A Ulloa, Monterroso, Amarante, Peibás

Reparemos de seguido nas catro xurisdicións máis vastas da zona central de Galicia que, logo dunha lixeira trasfega de parroquias, van conformar en 1835 os concellos da Ulloa, Monterroso, Peibás e Amarante. Catro municipios que non viven máis de cinco anos coa súa fisionomía orixinal, pero que constitúen a argamasa principal dos tres concellos que hoxe integran a comarca da Ulloa: Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla.



Mapa 1. Xurisdicións en 1753.

Fonte: Castro Redondo (2019). Elaboración propia.

No Mapa 1, calco da cartografía elaborada por Castro Redondo, delimítanse as trece xurisdicións que, antes ou despois, acabarían por «achegar» parroquias para a construción dos concellos de Palas de Rei, Monterroso e Antas de Ulla. Fixémonos primeiramente nas catro máis grandes, que son as que figuran na gráfica coas súas superficies sombreadas.

A xurisdición da Ulloa, baixo o señorío en xeral do conde de Monterrei[15], é a máis extensa e poboada das catro.

---

[15] Señorío compartido, só en tres ou catro parroquias, pola marquesa de San Sadurniño, don Gabriel Somoza e Canseco e o conde de Amarante.

Comprende 50 parroquias que ocupan todo o centro e sur do actual concello de Palas de Rei, o noroeste do de Monterroso e unha parte –catro parroquias, incluída San Xoán de Antas– do de Antas de Ulla. É tamén a máis homoxénea e compacta, sin discontinuidades territoriais nin «illas» afastadas: todas as súas parroquias lindan con outras da mesma xurisdición.

No outro extremo figura a xurisdición de Monterroso: era, das catro destacadas, a que tiña unha configuración máis atípica. O seu territorio estaba fragmentado, distribuído en anacos cunha ou varias freguesías cada un deles. Se o conde de Monterrei se propuxese visitar estas súas parroquias, necesariamente tiña que atravesar eidos de outros señores. A xurisdición, segundo se pode observar no mapa, tiña feitura de arquipélago: cinco illas, das que penduran un par de penínsulas, que emerxen do océano da ensarillada división señorial. Trinta parroquias habitadas por 2.638 almas, se lle facemos caso ao censo de Floridablanca elaborado medio século antes.

O núcleo da xurisdición ou illa maior do arquipélago, que en boa medida se corresponde coa parte sur do actual municipio de Monterroso, estaba formado por 18 parroquias –incluídas, a modo de colgadura, as de Senande e Terrachá. Ao norte, separada dela polas xurisdicións da Ulloa e de San Miguel de Penas, a segunda illa repartíase en cinco parroquias: Novelúa, Milleirós, Salgueiros, Narón e Santiago de Soengas. A terceira, na que hoxe ondea a bandeira do concello de Taboada, formábana catro parroquias: Vilar de Cabalos, San Salvador de Ínsua, San Xián de Ínsua e Mourulle. O arquipélago completábse con outras dúas illas, as máis pequenas e afastadas do tronco central: no leste, a formada polas parroquias de San Salvador de Sabadelle e Vilarbasín; no suroeste, a parroquia de Santa Cristina de Areas.

Máis compactas, aínda que con algunha que outra parroquia perdida na distancia, eran as xurisdicións de Amarante e Peibás. A primeira, da que era titular o conde de Amarante, integrábana dez parroquias, nove delas agrupadas no territorio oeste do actual concello de Antas de Ulla: Castro de Amarante, Barreiro, Facha, Reboredo, Árbol, Cutián, Santo Estevo de Amarante, San Martiño de Amarante e San Fiz de Amarante; e a décima, a extensa Santa María de Xián, como un satélite afastado do núcleo principal.

A cuarta das grandes xurisdicións, a de Peibás, sometida ao señorío da condesa de Lemos na súa maior parte, constaba de 11 parroquias: dez delas congregadas no leste do actual concello de Antas de Ulla: Casa de Naia, Santiso, Vilanuñe, Arcos, Queixeiro, Peibás, Agüela, Amoexa, Olveda e Cibreiro. A undécima, Santiago de Vilouriz, situada case na estratosfera: ao norte da Ulloa.

5.2. Outras xurisdicións e coutos redondos

Das outras nove xurisdicións que figuran no mapa, sete delas ou eran coutos redondos monoparroquiais ou contaban unicamente con dúas freguesías. As sete foron engulidas na súa totalidade polos concellos constitucionais da comarca ulloá. Os coutos de San Miguel de Penas e de Basadre son as únicas excepcións. O primeiro abranguía as parroquias de San Martiño de Castro, Santa María de Castromaior e San Miguel de Penas: as tres foron integradas no Concello de Monterroso en 1835, pero desde a reforma de 1840 unicamente a freguesía de Penas se mantén no municipio. No caso de Basadre, só unha das súas catro parroquias, a de Ramil, foi integrada no primeiro concello constitucional da Ulloa e mantívose na provincia de Lugo; as outras tres acabaron no concello de Agolada.

O territorio de tres dos catro coutos redondos que lindaban coa xurisdición da Ulloa, Hermora –ou Ermora–, Moredo e Ferreira de Negral, forman parte actualmente do concello de Palas de Rei. A freguesía de San Bartolomeu de Hermora, pertencente ao señorío de Arias Conde Aguiar e Seixas, da casa de Melide, desapareceu como tal e só é hoxe un lugar da parroquia de Cuíña. As freguesías de San Fiz de Moredo e de San Martiño de Ferreira de Negral, de señorío eclesiástico, eran dominio respectivo do mosteiro de Melide e do bispo de Lugo. O cuarto couto redondo, Santiago de Dorra, que tiña por titular ao marqués de Lapilla, foi incluído no primeiro concello constitucional de Amarante e de aí pasou con todo o paquete a formar parte de Antas de Ulla.

Finalmente, figuran no mapa tres xurisdicións biparroquiais: Augas Santas, Vilar de Donas e Carteire. Cinco das súas seis parroquias pertencen hoxe a Palas de Rei e a sexta, a Monterroso. Pero vaiamos amodo: estas e algunhas

Mapa 2. Xurisdicións de Monterroso en 1753.

Fonte: Castro Redondo (2019). Elaboración propia.



outras agregacións non se produciron en 1835, senón nunha segunda fase.

A xulgarmos pola relación de parroquias que os compoñen, os catro concellos ulloáns nacidos en 1835 parecen calcados das xurisdicións que existían máis de oitenta anos antes[16]. Cómpre baixar ao detalle para

[16] Tiro a listaxe de parroquias do *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo (BOPL)*, de 1 de outubro de 1837, onde figura a relación



Mapa 3. Concello de Monterroso en 1835.

Fonte: *BOLP,* 01-10-1837. Elaboración propia.

decatármonos das diferenzas, que algunhas hai: os señores xurisdicionais, por exemplo, controlaban 101 freguesías e os alcaldes constitucionais gobernan en 106.

de electores, distribuídos por parroquias, dos «ayuntamientos constitucionales» da Ulloa, Monterroso, Amarante e Peibás. Os mapas datados en 1835 están deseñados con información oficial publicada dous anos despois: xa que logo, presumo que no ínterim, entre unha data e outra, a composición parroquial dos primeiros concellos constitucionais experimentou modificacións puntuais.

Mapa 4. Xurisdicións dda Ulloa en 1753.

Fonte: Castro Redondo (2019). Elaboración propia.



Vexamos, un a un, os catro concellos e os seus parecidos e diferenzas coas xurisdicións do mesmo nome.

5.3. Os catro concellos de 1835

Concello de Monterroso. Con respecto á demarcación señorial de mediados do século XVIII, o primeiro concello constitucional formado en 1835 gañou cinco parroquias e perdeu dúas. Á antiga xurisdición de Monterroso, tomada



Mapa 5. Concello da Ulloa en 1835.

Fonte: *BOLP,* 01-10-1837. Elaboración propia

como base, agregáronlle as tres parroquias do antigo coto de Penas: San Miguel de Penas, San Martiño de Castro de Soengas e Santa María de Castromaior. Engadíronlle tamén San Mamede do Río, unha freguesía repartida a mediados do século XVIII entre catro cotos (Hospital da Cruz, San Miguel de Penas, Sabadelle e Monterroso) de outros tantos señores, así como a parroquia de Toiriz ou San Salvador de Camba, do antigo señorío do arcebispado de Santiago. Pola contra, quitáronlle, para integralas no concello de Portomarín, as parroquias de Sabadelle e Vilarbasín. O saldo

Mapa 6. Concello de Amarante e Peibás en 1835.

Fonte: *BOLP,* 01-10-1837. Elaboración propia



resultou favorable ao concello: se a xurisdición comprendía 30 parroquias en 1753, o municipio de Monterroso naceu en 1835 con 33.

Concello da Ulloa. Os topógrafos que deseñaron o concello constitucional da Ulloa non fixeron outra cousa que desenterrar o antigo mapa xurisdicional, enxertarlle as parroquias de Marzán e Ramil e ampliar unha terceira, a freguesía de Cuíña, coa absorción do antigo coto redondo de Ermora ou Hermora. Santa María de Marzán era unha das dúas freguesías que, no antigo réxime, integraban a xurisdición de Carteire. San Martiño de Ramil formaba parte, xunto con Santa María de Basadre, Santo Estevo e Eidián, do couto de Basadre. Finalmente, desaparece o couto redondo de San Bartolomeu de Ermora, do señorío de

don Manuel Arias Conde Aguiar e Seixas, e o seu territorio agrégase á parroquia de Santa María de Cuíña. Só tres diferencias entre dous mapas separados por máis de oitenta anos. O primeiro concello constitucional da Ulloa intégrano 53 parroquias: dúas máis que a xurisdición de 1753.

Concello de Amarante. Apenas existe diferenza tampouco, no que se refire ás lindes territoriais, entre a xurisdición de Amarante a mediados do século XVIII e o concello do mesmo nome formado en 1835. Aquela integrábana dez parroquias: nove agrupadas no oeste do territorio actual do concello de Antas de Ulla e unha, a extensa Santa María de Xián, como un satélite alonxado do grupo. O concello conserva as mesmas freguesías e repaña dúas máis: Santiago de Dorra, o antigo couto redondo do que en 1753 era titular o marqués de Lapilla, e Santa Mariña de Cerdeda, procedente da xurisdición de Vilar e do señorío do conde de la Vega.

Concello de Peibás. Se o concello de Amarante engorda con respecto á antiga xurisdición, o de Peibás adelgaza coa perda de dúas parroquias: Santiago de Vilouriz, unha freguesía illada que acabaría no municipio de Toques, e San Miguel de Cibreiro, esta última recuperada algún tempo despois para o concello de Antas.

6. A «REVOLUCIÓN» MUNICIPAL DE 1840

Unha lei municipal de cuño moderado e rexeitada polos liberais progresistas foi o detonante da revolución de 1840 que puxo fin á rexencia de María Cristina. O motivo da ruptura definitiva entre a raíña gobernadora, decidida a sancionar o texto que viña de ser aprobado polas Cortes, e o xeneral Espartero, o heroe da primeira guerra carlista, que lle esixía non facelo. A norma, que recortaba as competencias municipais e concibía os concellos como meros apéndices administrativos do goberno, nunca entrou en vigor: foi suspendida en canto o duque da Victoria asumiu a rexencia do reino.

O que si acometeu decontado Espartero, en canto acaparou o bastón de mando, foi o redeseño do mapa municipal debuxado só cinco anos antes. Suprimíronse numerosos concellos, por fusión ou asimilación, e

modificáronse as súas fronteiras, mediante a trasfega de parroquias entre uns e outros, para darlles unha base territorial máis homoxénea, racional e equilibrada. Unha profunda transformación que Fariña Jamardo, referíndose especificamente á provincia de Lugo, definiu como «revolución dos concellos».

O cambio, en efecto, foi especialmente radical nesta provincia: dunha soa tacada, por acordo da deputación provincial, eliminároNse trinta dos concellos creados en 1835 e modificáronse todos os demais, o que evidencia o escaso rigor que presidira a súa instalación[17]. Que a reforma esparterista tivo éxito demóstrao a súa permanencia: o mapa municipal de Lugo deseñado en 1840 segue vixente, sen apenas variacións, 180 anos despois.

A «revolución dos concellos lucenses» visualízase perfectamente na transformación dos municipios que, durante a rexencia de María Cristina, formaban parte do partido xudicial de Taboada. Para empezarmos, Chantada recupera a cabeceira do partido. Suprímense cinco dos dez concellos que o integraban: Asma, San Pedro de Portomarín, Vilar, Peibás e Amarante. Créanse os concellos de Antas (o apelido «de Ulla» adquíreo máis tarde) e Carballedo. Refórmanse e rebautízanse outros dous concellos: o da Ulloa pasa a chamarse Palas de Rei e o de San Xoán de Portomarín denominarase Portomarín a secas. A resultas desas modificacións, o partido xudicial de Chantada quedaba formado, como na actualidade, por sete municipios: Chantada, Carballedo, Taboada, Portomarín, Antas, Monterroso e Palas de Rei.

Vexamos, concello a concello, o impacto desa revolución na Ulloa[18].

---

[17] De Cal y Cortina (1997)

[18] A relación de parroquias que integran os tres concellos da Ulloa a partir de 1840 está extraída do *BOPL* de datas 21 de marzo de 1841, 18 de abril de 1841 e 23 de febreiro de 1845. Téñase en conta o dito na nota 16.

6.1. Monterroso: o mapa definitivo

O primeiro concello constitucional de Monterroso, tan semellante á vella xurisdición señorial, estaba integrado por 33 parroquias. A poda desa árbore foi intensa: en 1840 a machada tronzou 15 desas freguesías, que foron enxertadas nos concellos limítrofes. Cinco delas pasaron a engrosar o novo concello de Portomarín: San Martiño do Castro de Soengas, San Mamede do Río, Santa María de Narón, Santiago de Soengas e Santa María de Castromaior. Outras cinco, todas elas tamén situadas ao leste do tronco do municipio, colleron o camiño de Taboada: San Paio de Arxiz, Santa Eulalia de Vilar de Cabalos, San Salvador de Ínsua, San Xián de Ínsua e San Vicenzo de Mourulle. Das encravadas no flanco suroeste, catro pasaron a formar parte do novo concello de Antas: Santo André do Rial, San Miguel de Senande, San Xurxo de Terrachá e Santa Cristina de Areas. Finalmente, San Salvador de Camba acabaría integrándose en Rodeiro.

Como compensación polo recorte, doce parroquias enxertáronse no concello de Monterroso. Todas elas pertencían ao concello constitucional da Ulloa creado cinco anos antes: Santa María de Marzán, Santiago de Ligonde, Santa María de Tarrío, San Xoán de Lodoso, San Martiño de Fufín, San Cristovo de Gundín, Santa María de Pedraza, San Lourenzo de Pedraza, Santiago de Bidouredo, Santa María de Leborei, Santiago de Lavandelo e San Pedro de Vilanova, ademais de Vilamaior de Frades, que se integraría na freguesía de Novelúa.

O concello de Monterroso perdeu quince parroquias e ganou doce: pasou de 33 a 30 e adquiriu a fisionomía xeográfica que ten na actualidade (Mapa 7).

6.2. Nace o concello de Palas de Rei

O concello da Ulloa (Mapa 5) converteuse, logo do proceso de poda e enxertos de parroquias, no concello constitucional de Palas de Rei (Mapa 8). O municipio perdeu nove parroquias na trasfega: de 52 pasou ás 43 que ten hoxe. Fóronlle amputadas 16 parroquias, todas elas situadas no sur da antiga xurisdición: as doce xa mencionadas que se incorporaron ao concello de Monterroso e outras catro que pasaron a formar parte do novo concello de Antas: Santa

María de Alvidrón, San Martiño de Vilapoupre, San Miguel da Cervela e San Xoán de Antas.

O concello recibiu, como compensación, sete parroquias que lindaban co territorio da vella xurisdición da Ulloa. Catro delas polo norte: San Fiz de Moredo, antigo cuoto redondo do mosteiro de Melide e da Orde Terceira Franciscana; dúas das parroquias da vella xurisdición de Augas Santas: San Xurxo de Augas Santas e San Salvador de Merlán; e San Martiño de Ferreira de Negral, antigo couto redondo do que era titular o bispo de Lugo. E tres delas polo leste: San Salvador de Vilar de Donas e San Xoán de Covelo, as dúas freguesías que integraban o priorado de Vilar de Donas, e Carteire, que antigamente formaba parte da xurisdición do mesmo nome.

6.3. Fusión de Amarante e Peibás: nace Antas

O novo concello de Antas de Ulla nace da fusión dos concellos constitucionais de Amarante, unha vez podadas as parroquias de Santa Mariña de Cerdeda e Santa María de Xián, e de Peibás, á que se lle engadiron nove parroquias cedidas polos concellos da Ulloa (Alvidrón, Vilapoupre, A Cervela e Antas), Monterroso (Senande, Terrachá, Areas e O Rial) e Taboada (Cibreiro).

Os municipios de Amarante e Peibás tiñan 12 e nove parroquias, respectivamente, e o novo concello de Antas conta con 28. ❧



TRASFEGA DE PARROQUIAS

Parroquias que pertencían ao concello desde 1835:

1. Milleirós (San Pedro)
2. Salgueiros (Santa María)
3. Novelúa (San Cristovo)
4. Cumbraos (San Martiño)
5. Satrexas (Santa Eufemia)
6. Arada (Santa María)
7. Pol (San Cibrao)
8. Esporiz (San Miguel)
9. Sirgal (Santo André)
10. San Breixo (San Salvador)
11. Frameán (San Pedro)
12. Fente (San Martiño)
13. Sucastro (Santa María)
14. Valboa (San Salvador)
15. O Bispo (Santa María)
16. Os Ferreiros (San Cibrao)
17. Viloíde (San Cristovo)
18. Penas (San Miguel)

Parroquias agregadas en 1840:

19. Marzán (Santa María)
20. Ligonde (Santiagoa)
21. Tarrío (Santa María)
22. Lodoso (San Xoán)
23. Gundín (San Cristovo)
24. Pedraza (Santa María)
25. Pedraza (San Lourenzo)
26. Bidouredo (Santiago)
27. Fufín (San Martiño)
28. Vilanova (San Pedro)
29. Leborei (Santa María)
30. Lavandelo (Santiago)

Parroquias segregadas en 1840:

31. O Río (San Mamede)
32. Castromaior (Santa María)
33. Narón (Santa María)
34. Castro de Soengas (S. Martiño)
35. Soengas (Santiago)
36. Vilar de Cabalos (Santa Eulalia)
37. Ínsua (San Salvador)
38. Ínsua (San Xián)
39. Mourulle (San Vicenzo)
40. Arxiz (San Paio)
41. Senande (San Miguel)
42. Terrachá (San Xurxo)
43. Areas (Santa Cristina)
44. O Rial (Santo André)
45. Toiriz, Camba (San Salvador)

Mapa 7. Concello de Monterroso en 1840.

Fonte: *BOLP,* 18-04-1841. Elaboración propia

Mapa 8. Concello de Palas de Rei en 1840.

Fonte: *BOLP,* 23-03-1841. Elaboración propia



TRASFEGA DE PARROQUIAS

Parroquias que pertencían ao concello da Ulloa desde 1835:

1. Felpós (San Tomé)
2. Ulloa (San Vicente)
3. A Puxeda (Santa María)
4. Berbetouros (San Miguel)
5. Ribeira (San Salvador)
6. Mosteiro de Devesa (Santiago)
7. Cuíña (Santa María)
8. O Carballal (San Mamede)
9. Maceda (San Miguel)
10. Laia (San Xoán)
11. Salaia (San Pedro)
12. Orosa (Santo André)
13. Ambreixo (San Vicenzo)
14. Meixide (San Pedro)
15. Quindimil (San Miguel)
16. Filgueira (San Tomé)
17. Fontecuberta (Santa Mariña)
18. O Mato (San Xoán)
19. O Camiño (San Xiao)
20. Palas de Rei (San Tirso)
21. Lestedo (Santiago)
22. Remonde (San Miguel)
23. San Breixo (Santa María)
24. Curbián (San Martiño)
25. O Carballal (San Sebastián)
26. Marzá (Santa María)
27. Ramil (San Martiño)
28. Pambre (San Pedro)
29. A Repostería (San Cibrao)
30. A Repostería (San Xusto)
31. Albá (Santiago)
32. Vilareda (San Pedro)
33. Cabana (Santiago)
34. Pidre (Santa María)
35. Coence (San Miguel)
36. Coence (San Mamede)

Parroquias agregadas en 1840:

37. Moredo (San Fiz)
38. Merlán (San Salvador)
39. Augas Santas (San Xurxo)
40. Ferreira de Negral (S. Martiño)
41. Vilar de Donas (Santa María)
42. Covelo (San Xoán)
43. Carteire (Santa María)

Parroquias segregadas que pasan a Antas e Monterroso:

44. Alvidrón (Santa María)
45. Vilapoupre (San Martiño)
46. A Cervela (San Miguel)
47. Antas (San Xoán)
48. Gundín (San Cristovo)
49. Pedraza (Santa María)
50. Pedraza (San Lourenzo)
51. Bidouredo (Santiago)
52. Fufín (San Martiño)
53. Tarrío (Santa María)
54. Lodoso (San Xoán)
55. Vilanova (San Pedro)
56. Leborei (Santa María)
57. Lavandelo (Santiago)
58. Ligonde (Santiago)
59. Marzán (Santa María)

* Vilamaior de Frades *(Hoxe, lugar de Novelúa)*



Mapa 9. Concello de Antas de Ulla en 1840.

Fonte: *BOLP,* 23-03-1841. Elaboración propia

Mapa 10.
Transformación dos concellos de Monterroso e Ulloa (1835-1840).

Fonte: *BOLP*.
Elaboración propia



CAIRÓN
Boletín do Instituto
de Estudos Ulloáns
Nº 8. Marzo 2025

COORDINA
Daniel Salgado

ESCRIBEN, FOTOGRAFAN
E DEBUXAN
Joaquín Araújo
Sonia Villapol Salgado
Rubén Camilo Lois González
Horacio García
Francisco Pardo Teijeiro
Ana Escariz Pérez
Fernando Salgado
Pepe do Xastre
Andrea Santiso Arias
Patricia Coucheiro
Adela Figueroa Panisse
Paco Ledo
Toño Núñez
Pablo Coucheiro Rodríguez
Eduardo Eirago
Ana G. Liste
Antonio Pérez Casas
Xulio Cuba Orosa

GRÁFICA
Laboratorio Numax

PRELO
Agencia Gráfica

ISSN: 2603-8471
DEP. LEGAL: LU 32-2017
Monterroso, 2025